

INDICE

1. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
2. OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO PARA O CURSO 2014-15
3. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
4. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL
5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
6. METODOLOXÍA DE TRABALLO

O departamento de orientación do IES Fernando Esquíó no curso 2014-1215 está constituído polos seguintes membros:

- Xefa do departamento de orientación do IES Fernando Esquíó: Ana Isabel Hermida Rivera.
- Mestra especialista en pedagogía terapéutica: Nieves
- Xefa dos departamentos de orientación dos centros de primaria adscritos: M^a del Carmen Mendiguchía

Ademáis, os membros do dto. Reuniranse trimestralmente cos titores/as de cada un dos cursos.

OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA O CURSO 2013-14

1. ACCIÓN TITORIAL

No presente curso procederase á actualización do Plan de Acción Titorial (PAT) existente no centro, dar maior relevancia no mesmo a aspectos relacionados coa convivencia no entorno escolar.

Aparte da revisión do PAT, a Xefa do Dpto. de Orientación colaborará en todo momento cos titores/as que o soliciten en todas aquelas tarefas propias da acción titorial nas que poidan precisar asesoramento ou axuda directa, por exemplo, na intervención en casos de absentismo escolar, alumnos con problemas de conduta na aula, atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, elaboración e coordinación de ACIs, etc.

No presente curso, ademáis, a xefa do departamento de orientación asumirá a titoría do grupo de Formación Profesional Básica de 1º curso de Servizos comerciais-almacén.

2. ORIENTACIÓN ACADÉMICO- PROFESIONAL

No presente curso tratarase de elaborar un documento de POAP para a súa aprobación, se procede pola CCP e polo Claustro.

OBXECTIVOS:

- Favorece-lo proceso de maduración vocacional dos alumnos/as e a toma de decisións reflexiva, a través do autoconñecemento, a información sobre os distintos itinerarios académico-profesionais, etc.
- A formación para o Proceso de Toma de Decisións de xeito racional.
- Tratar de estimular o interese dos alumnos/as pola aprendizaxe e o logro dos obxectivos académicos, a través, entre outros medios, da información sobre as consecuencias das opcións que elixan en cada momento no referente a materias optativas, modalidade de Bacharelato, etc.
- Tomar as medidas necesarias para apoiar no proceso de ensino-aprendizaxe a aqueles alumnos/as que teñan dificultades para acadalos obxectivos propostos para o ciclo ou nivel en que se atopan.
- Implantación no centro dun Programa de Cualificación Profesional Inicial da modalidade C mixta de Electricidade enmarcado na rede comarcal de PCPI da ría de Ferrol, xunto con outros 6 centros dos concellos de Ferrol, Narón e Fene. A xefa do Departamento de orientación actuará como coordinadora representando ó centro na comisión técnica comarcal.

ACCIONES PRIORITARIAS E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE

- Ofreceráse asesoramento individualizado a aqueles alumnos/as e pais/nais que o soliciten en todo o referente a opcións académicas.
- Posta en marcha do 1º curso do programa de Formación Profesional Básica de servizos comerciais-almacén.

2º TRIMESTRE

- Ofreceráse asesoramento individualizado aos alumnos/as e os pais/nais que o soliciten.
- Levaranse a cabo charlas informativas por parte da Xefa do Dpto. de Orientación para cada grupo de alumnos/as de tódolos niveis que se imparten no centro. Entregarase a cada alumno un dossier coa información máis relevante para cada curso.
- Visita cos alumnos/as de 3º e 4º de ESO a centros que impartan ciclos formativos, para que coñezan directamente a súa oferta e se acheguen ós diferentes perfís profesionais.

- Proponse a realización por parte dos titores/as, nas horas de titoría presencial, de actividades para traballar os seguintes aspectos:

- Autocoñecemento: Análise dos diversos factores a ter en conta á hora de elixir un itinerario académico-profesional: as propias capacidades, intereses, motivación, valores, posibilidades económicas, historial académico, etc

- Profundización no coñecemento das opcións académicas, centrándose nos intereses do alumnado. Esta información pódese ofrecer a través de material impreso existente no Dpto de orientación, e tamén a través de videos e programas informáticos disponibles.

- Formación no Proceso de Toma de Decisións reflexiva.

- Cara ó final do 2º trimestre, realizar reunións cos equipos docentes de 2º, 3º e 4º de ESO para recoller propostas iniciais de alumnos que poderían acceder o próximo curso a un PDC ou a un P.F.P.BBásicaCPI para, ó longo do 3º poder completar o proceso de recollida de información e valoración de cada caso.

3º TRIMESTRE

- Asesoramento individualizado ós alumnos/as e pais/nais que o soliciten.
- Realizaranse visitas co alumnado as Xornadas de Orientación académico-profesional que organizan distintas entidades: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, etc

- Tratarase de organizar no centro unha Xornada de Orientación con invitados de distintas ramas profesionais.

- Tratarase de organizar algunha visita a empresas de distintos sectores para os alumnos/as de 4º de ESO, co obxecto de que obteñan unha visión máis directa do mundo laboral (tarefas a desempeñar nos distintos postos de traballo, condicións laborais, requisitos académicos e persoais para acceder a cada un dos postos, etc.). Estas visitas poderanse organizar en colaboración con outros departamentos.

- Vista dos alumnos do curso de FP básica a un centro loxística dalgunha empresa.

- Colaborar cos titores/as na proposta da opción académica máis apropiada para aqueles alumnos/as que xa están repetindo curso e non cumpren os requisitos para promocionar ou titular.

- Manter entrevistas cando sexa necesario con aqueles alumnos que na 2ª avaliación estean propostos como candidatos a PDC ou FPB, para ir perfilando ó longo do trimestre a alternativa máis convinte en cada caso, así como as avaliacións psicopedagógicas pertinentes.

- Buscar alternativas para os alumnos/as maiores de 16 anos que, pola súa traxectoria e situación académica non están en condicións de obter o Título de Graduado en Educación Secundaria.

METODOLOXÍA

O método de traballo baséase na colaboración entre os titores/as e o Departamento de Orientación, xa que moitas das actividades de orientación académico-

profesional deben ser desenvolvidas polos tutores/as con cada grupo de alumno/as. Por unha banda, dende o DO propóranse actividades para as sesións de tutoría e por outra banda, ofrecerase apoio e asesoramento ós tutores/as para realizar o asesoramento máis oportuno para cada alumno, especialmente nos casos nos que existen dificultades de aprendizaxe ou un historial escolar negativo.

O obxectivo que se pretende alcanzar é desenvolver a capacidade dos alumnos/as para a toma de decisións autónoma, baseándose na información que posúe sobre si mesmo, sobre o entorno académico e o mundo laboral. Polo tanto, non parece adecuado un enfoque directivo na toma de decisións, senón que prima a consideración de que debe ser o propio alumno/a o que tome as súas decisións, unha vez analizada e valorada toda a información que se lle ofrece.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

OBXECTIVOS

- Colaborar co profesorado no referente á detección o máis rápida posible das necesidades educativas especiais que poden presentar algúns alumnos/as e elaborar propostas para proporcionar a resposta educativa máis axeitada ás características e necesidades de cada alumno/a.
- Realizar as avaliación psicopedagóxicas que sexan solicitadas polos titores/as ou polos pais/nais dos alumnos, así como realizar o seguemento daqueles alumnos que xa na etapa ou curso anterior tiveron informe psicopedagóxico.
- Poñer as medidas que se consideren máis axeitadas en cada caso para contribuir á mellora do proceso de aprendizaxe do alumno/a e facer un seguimento da aplicación e resultado das medidas propostas.
- Asesorar ó profesorado, ó alumnado e as familias no referente ós criterios de avaliación, promoción e titulación.
- Facer un seguimento do funcionamento das medidas de atención á diversidade que se están levando a cabo (clase de P.T., Desdoblamentos e Programa de Diversificación Curric, FPB), co obxecto de recoller información que nos permita

mellorar en todo o posible a eficacia das mesmas, e, en base ás conclusións que vaiamos obtendo este curso, introducir para o próximo as modificacións oportunas.

- Conseguir o máximo progreso posible no proceso de aprendizaxe dos alumnos/as con n.e.e. partindo do seu nivel de coñecementos previos e respetando o seu estilo e ritmo de aprendizaxe.
- Facilitar a consecución por parte dos alumnos/as dun autoconcepto axeitado, con coñecemento das súas capacidades e limitacións.
- Fomenta-la valoración do esforzo persoal para supera-las dificultades.
- Realizar unha avaliación sistemática e continua da evolución no proceso de aprendizaxe dos alumnos con n.e.e. na que se tomen como referencia o progreso do alumno con respecto á súa situación inicial e non con respecto á norma ou nivel esperado no ciclo e na etapa educativa na que se atopa.
- Favorece-la integración no centro e no grupo-clase dos alumnos con necesidades especiais.
- Tratar de establecer uns vínculos de colaboración coas familias de cara a facilita-la mellora no desenvolvemento académico e persoal do alumno.

ACTUACIONES

- Presentación de principio de curso dos titores/as co alumnado: Nesta reunión, ademáis de ofrecer unha acollida ós alumnos, dáselles xa a información sobre os criterios de avaliación, promoción e no seu caso titulación que van ser

aplicables no curso. Para proporcionar esta información os titores/as contarán con un guiión elaborado polo Departamento de Orientación.

- Reunión de principio de curso dos titores/as e os pais/nais na que, entre outros temas, se informará detalladamente dos criterios de avaliación e promoción do curso correspondente, e asimesmo de titulación cando sexa fin de etapa. Para isto os titores/as recibirán un guiión elaborado polo Dpto. de orientación, como se ven facendo tódolos cursos.
- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) para ofrecer a información sobre a normativa que vaia saíndo ós Xefes de Departamento, e debatir as implicacións para a organización da actividade docente no centro, de cara a realizar propostas para este curso ou para o seguinte. Os Xefes de Dpto. deberán transmitir o acordado na CCP ó resto de profesores de cada departamento.
- Reunións quincenais de titores/as de cada nivel coa Xefa do DO, na que se tratarán, entre outros temas, o referente ós casos de alumnos con dificultades para acadalos obxectivos, e tratarase de consensuar a opción máis recomendable para cada un deles.

MEDIDAS A LEVAR A CABO

1º CICLO DE ESO

- ADAPTACIÓNS CURRICULARES INDIVIDUALIZADAS (ACIS)

Realizaranse seguindo a orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo das ensinanzas de réxime xeral.

O **procedemento para a súa proposta e elaboración** será o seguinte:

1. Revisión por parte dos titores/as, coa axuda da Xefa do departamento de orientación dos expedientes do alumnado, para coñecer os casos nos que xa manifestaron necesidades educativas especiais anteriormente ou se observa un historial académico especialmente negativo.
2. Avaliación inicial por parte dos profesores de cada materia e curso para coñecer o nivel de coñecementos previos do alumnado. No caso de detectar alumnos/as cun nivel moi baixo, o profesor deberá comunicalo ó titor/a e éste á Xefa do departamento de orientación, para que leve a cabo a oportuna avaliación psicopedagóxica.
3. Nos casos nos que xa temos coñecemento polo expediente de dificultades importantes do alumno/a, a Xefa do departamento de orientación procederá a realizar a avaliación psicopedagóxica o antes posible, para ir valorando as medidas de apoio máis convintes en cada caso.
4. Avaliación psicopedagóxica por parte da Xefa do departamento de orientación e proposta das medidas de apoio máis axeitadas para cada caso. Esta proposta será consensuada cos titores/as correspondentes, así como cos profesores das materias nas que o alumno precise algún tipo de medida de apoio.

Elaboración do Documento Individual de Adaptación Curricular (DIAC): A xefa do DO. elaborará o informe psicopedagóxico que formará parte deste documento, e cada un dos profesores das materias nas que o alumno precise ACI elaborará a programación individual correspondente, co asesoramento da orientadora e das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica.

Unha vez elaborado o documento completo será enviado á Inspección Educativa, solicitando a súa autorización, se procede.

REFORZO DA ÁREA DE LINGUA

Tanto en 1º como en 2º de ESO, os alumnos con dificultades significativas nas áreas de linguas, quedarán exentos de cursar a segunda lingua extranxeira e recibirán no seu lugar clase de reforzo de lingua.

DESDOBRES NAS ÁREAS DE LINGUAS E MATEMÁTICAS

Igualmente en 1º e en 2º haberá desdobres nas materias de linguas e matemáticas, con obxecto de poder atender en grupo reducido ós alumnos con maiores dificultades, adaptándose ás súas necesidades.

2º CICLO DA ESO

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR DE 1 ANO.

Contamos cun grupo de PDC constituído por 9 alumnos. En relación a este grupo, a orientadora fará un seguemento da súa evolución a través da tutora, e de ser necesario, intervención directa co grupo ou individualmente.

METODOLOXÍA

O método de traballo baséase na colaboración entre os titores/as e o Departamento de Orientación, xa que a maior parte das actividades, tanto de titoría como de orientación académico-profesional deben ser desenvoltas de xeito coordinado polos titores/as de cada grupo de alumno/as e o dto de orientación.. Por unha banda, dende o DO propóranse actividades para as sesións de titoría e por outra banda, ofrecerase apoio

e asesoramento ós titores/as para realizar o asesoramento máis oportuno para cada alumno, especialmente nos casos nos que existen dificultades de aprendizaxe ou un historial escolar negativo.

O obxectivo que se pretende alcanzar é desenvolver a capacidade dos alumnos/as para a toma de decisións autónoma, baseándose na información que posúe sobre si mesmo, sobre o entorno académico e o mundo laboral. Polo tanto, non parece adecuado un enfoque directivo na toma de decisións, senón que prima a consideración de que debe ser o propio alumno/a o que tome as súas decisións, unha vez analizada e valorada toda a información que se lle ofrece.

Asimesmo, será fundamental a coordinación coa xefatura de estudos e mesmo coa orientadora dos centros adscritos de primaria.

Asdo: A xefa do Departamento de Orientación

Ana Isabel Hermida Rivera

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

IES FERNANDO ESQUÍO- NEDA